



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Proxecto de fomento do uso do galego 2022-2023

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL

Índice

1	XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	páx. 3
a	Contorna sociolingüística do centro	páx. 3
b	Situación lingüística do alumnado, profesorado e centro	páx. 4
c	Obxectivos	páx. 4
	Obxectivos a curto prazo	páx. 5
	Obxectivos a longo prazo	páx. 5
2	DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	páx. 5
	Contornas	páx. 5
	Contidos e metodoloxía	páx. 5
	Temas e temporización	páx. 7
3	UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO	páx. 9
4	COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DA CONTORNA	páx. 9
5	PLAN DE AVALIACIÓN	páx. 10
	Avaliación do proxecto	páx. 10
	Avaliación do equipo	páx. 10
6	NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	páx. 10
7	MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO ENTRE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR	páx. 11
8	CONCLUSIÓN	páx. 11

1 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Segundo se recolle no artigo 15º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega creárase para potenciar o uso da lingua galega no centro e terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua no centro educativo.

Os obxectivos e as liñas de actuación que reforzan a dimensión comunicativa do galego recóllense neste proxecto lingüístico de centro para o ano 2022-23.

As persoas integrantes do EDLG neste curso son as seguintes:

- Amanda Rei Castro (profesora do departamento de galego)
- Brais P. Moure (profesor do departamento de galego)
- Carmen Bellas Ramil (persoal non docente da EOI)
- Juana M^a Rodríguez Bugía (departamento de inglés e coordinadora do equipo)
- Lidia González Vergara (profesora do departamento de inglés e vicedirectora da EOI de Ferrol)
- María del Rosario Hermo Fuciños (profesora do departamento de inglés)
- Marco Delle Monache (profesor do departamento de italiano)
- Mercedes Mosquera López (alumna de inglés na escola)
- Virginia Fernández González (profesora do departamento de francés e coordinadora da biblioteca da EOI de Ferrol)

a) Contorna sociolingüística do centro

O alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol presenta heteroxeneidade en canto á idade, extracción social, situación laboral, profesional e académica. En relación coa lingua tamén se comporta dunha maneira moi irregular, posto que, se ben hai un grupo de xente que a emprega de maneira espontánea e sen ningún tipo de prexuízo, aínda hai moita que non ve a necesidade de usala e mesmo sente que a están forzando a empregar, de maneira que mostra un rexeitamento cara a ela.

A maiores, nos últimos anos, Ferrol está a recibir xente migrante falante de linguas estranxeiras que está interesada en aprender, principalmente, o español.

Por estes motivos debemos traballar para acabar cos prexuízos lingüísticos que conviven en Ferrol en xeral e na Escola de Idiomas en particular, así como para conseguir un maior interese en empregala entre a poboación.

A realidade sociolingüística da que partimos é a seguinte:

- O castelán, comparado co galego, resulta para a maioría moito máis accesible, sobre todo na súa forma escrita.
- Por idades, é o colectivo dos máis novos - 17 a 35 anos - o que presenta un maior dominio do galego escrito, contrariamente ao que sinalan sobre o coñecemento falado ou lido.
- O colectivo entre 43 e 60 anos son os que tiveron unha educación con maior dominio oral do galego, mentres que os máis mozos se criaron na súa maioría en castelán.

Neste contexto cómpre potenciar, por tanto, o uso do galego na Escola Oficial de Idiomas de Ferrol. É necesario que os membros da comunidade escolar poidan utilizar con naturalidade o idioma e así se sintan cada vez máis cómodos e competentes en lingua galega. Pretendemos fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.

b) Situación lingüística do alumnado, profesorado e centro

Unha das funcións principais das Escolas de Idiomas é promover a aprendizaxe de linguas e dotar ao alumnado de ferramentas de comunicación. Nas aulas, a lingua vehicular adoita ser a lingua de estudo. Porén, o español e o galego teñen tamén presenza. Fóra das aulas, a lingua empregada é maioritariamente o español.

É neste senso que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega pode contribuír a darlle unha maior presenza á nosa lingua, fomentando o seu uso entre todas as persoas da comunidade educativa. Para lograr isto, procuraremos crear espazos de conversa en galego, tanto dentro coma fóra da escola, fomentando sempre un emprego adecuado.

c) Obxectivos

Os obxectivos principais deste proxecto son potenciar o galego oral e escrito tanto dentro coma fóra do noso centro, procurar que a comunidade educativa desenvolva unha actitude positiva cara ao galego, identificándoo non so como unha lingua vencellada á tradición,

senón tamén como unha lingua plenamente axeitada ás novas tecnoloxías e a unha vida activa e moderna. Para acadar isto, os obxectivos que propoñemos son:

Obxectivos a curto prazo

- Colaborar toda a comunidade educativa no PLC do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Crear un clima de boa convivencia no centro, tal e como se establece no PXA.
- Promover actividades extraescolares que permitan o emprego do galego oral e escrito.
- Colaborar con institucións e asociacións da contorna e de toda a xeografía galega: concello, asociacións culturais, cinemas locais, outras institucións educativas, etc.
- Fomentar o uso das tecnoloxías (aula virtual da escola, blog e redes sociais).

Obxectivos a longo prazo

- Potenciar o galego oral e escrito como lingua habitual no noso centro e fóra del.
- Favorecer a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

2. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

“Contornas”

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do presente curso pretende establecer vínculos con outras institucións da contorna máis inmediata, así como doutras partes xeográficas máis lonxanas coa finalidade de facer máis robusto o entramado social e cultural da nosa comunidade. É por isto que decidimos chamarlle *Contornas* ao noso actual proxecto lingüístico de centro.

Contidos e metodoloxía

Os contidos do proxecto inclúen:

- Promoción da permacultura e dos hortos urbanos

- Fomento do cinema en galego e colaboración con salas de cinema da contorna
- Celebración de festividades (Magosto, Nadal, Día de Rosalía de Castro, Día das Letras Galegas, etc.)
- Apoio ao club de lectura *A Casa do Aire*, organizado polo departamento de galego
- Creación de artigos para a revista da escola *Diálogo* e achegas ao blog e redes sociais
- Promoción do acervo cultural da comarca e das figuras senlleiras de Ferrol a través de colaboracións con sociedades culturais da cidade

A metodoloxía será comunicativa, favorecendo e dinamizando o uso do galego como lingua vehicular, con carácter normalizador, sen ningún tipo de imposición, intentando que as persoas participantes vexan a necesidade de usar o galego, decidan utilizalo libremente e sen prexuízos e o asocien a actividades da vida cotiá e das novas tecnoloxías. Tamén se tentará buscar a participación e implicación non só do profesorado senón tamén do resto da comunidade educativa nos distintos estadios do proxecto, dende o deseño de actividades ata a creación, realización de materiais, toma de decisións, etc., e teranse en conta as súas suxestións, comentarios e achegas.

As diferentes actividades desenvolveranse en galego e pode participar nelas toda a comunidade educativa e as súas familias. Celebraranse en quenda de mañá ou de tarde ou o día enteiro, podendo ser en sábado ou domingo. A convocatoria das diferentes actividades publicarase con antelación no taboleiro do EDLG e en lugares visibles da EOI, así como nas redes sociais e no blog, onde as persoas interesadas se terán que inscribir, de ser necesario.

A realización de gran parte das actividades será documentada a través de material audiovisual, escrito e fotográfico. Este material será exposto no taboleiro, no blog, nas redes sociais e na revista da escola, *Diálogo*.

A persoa coordinadora do EDLG será a encargada de enviar a información sobre as diferentes actividades ao profesorado da Escola mediante correos electrónicos, e este informará na aula das actividades ou reenviará a información a través do correo electrónico do seu alumnado ou das súas aulas virtuais.

Temas e temporización

Este curso continuaremos a combinar actividades vencelladas á tradición con actividades que testemuñan que o galego pode ser empregado en todos os contextos da vida cotidiana actual. A nosa proposta inclúe:

Setembro:

- **Elaboración e posterior difusión do proxecto** con correos e publicacións en RRSS.

Outubro:

- **Horto urbano:** ensamblaxe das pezas do banco de cultivo e plantación de herbas aromáticas e medicinais empregadas polos peregrinos (Ano Santo) que aportarán o propio alumnado: romeu, áloe vera, árnica, ourego, tomiño, etc.
- **Exposición sobre horticultura** en colaboración coa biblioteca da escola. O alumnado elaborará pequenos textos explicativos sobre as propiedades das plantas que se poden atopar no noso horto. Tamén haberá expostos libros sobre horticultura en galego e en todos os idiomas que se imparten na escola.
- **Filme *Tódalas mulleres que coñezo*** nos [Duplex Cinema](#), e coloquio coa directora, Xiana do Teixeiro.

Novembro:

- **Magosto** na cafetaría con degustación da tradicional tarta de castañas de Ferrol e elaboración de colares de zonchos, ademáis dun Kahoot sobre o que sabe o alumnado respecto á celebración desta festa.
- **Horto urbano:** ampliación do mesmo con palets que cómpre acondicionar. Transvasamento de plantas aromáticas do banco de cultivo aos palets. Plantación de leituga, cenoria, acelga, cebola, porro, brócoli, repolo, etc. no banco de cultivo.
- Proxección de dous **documentarios sobre o 10 de marzo de 1972** feitos polo alumnado e profesorado do [IES Canido](#), con motivo do 50 aniversario do sucedido en Ferrol. Posterior coloquio cos autores/as.
- **Roteiro *Ferrol Rebelde***, da man da [Sociedade Cooperativa Galega Rexenerando](#). Repasaremos 100 anos de historia da loita obreira en Ferrol.

Decembro:

- Participación no club de lectura do departamento de galego: ***A Veiga é como un tempo distinto***, de Eva Moreda; posterior coloquio coa autora a través de videoconferencia.
- Colaboración coa revista da escola, ***Diálogo***, con reportaxe sobre as actividades levadas a cabo ata a data, incluídas as fichas sobre as propiedades das plantas do horto urbano.

Xaneiro:

- Filme ***Trinta lumes***, nos [Duplex Cinema](#).
- **Visita guiada ao horto urbano** da [AV de Canido](#) da man da súa asesora técnica.
- **Horto urbano**: plantación das herbas de San Xoan.

Marzo:

- ***Ferrol con nome de muller***. Colaboración coa exposición organizada pola biblioteca con motivo do 8 de marzo. Poderanse ler textos elaborados polo alumnado sobre aquelas mulleres que deron nome a algunhas das rúas de Ferrol.
- ***Ferrol en feminino***. Roteiro polas rúas de Ferrol da man de [Ferrol Guías](#). Percorreremos a cidade da man dunha guía turística comentando a vida e labor daquelas mulleres máis salientables na historia da comarca.
- **Xornadas culturais**. Estas durarán 5 días, dos cales un deles estará dedicado a actividades en galego: charlas, club de lectura (*Made in Galiza*, de Sechu Sende), degustación de produtos autóctonos, etc.
- **Horto urbano**: colleita de inverno e plantación de primavera.
- Colaboración coa revista da escola, ***Diálogo*** con achegas sobre as actividades realizadas ata o momento.

Abril:

- Organización do club de lectura: ***A praia dos afogados***, de Domingo Villar, co gallo do primeiro aniversario da súa morte.

- **Roteiro literario por Nigrán** sobre *A praia dos afogados* da man da [oficina de turismo do Concello de Nigrán](#).
- **Filme *Longa noite***, nos [Duplex Cinema](#).

Maio:

- Celebración do **Día das Letras Galegas** dedicado a Francisco Fernández del Riego
- Participación na **presentación literaria** do libro *Herbas da noite*, de Paula Lago e Dores Pereira da man do departamento de galego. Charla sobre as herbas de San Xoan.
- **Horto urbano**: elaboración de pequenos saquiños con herbas de San Xoan do noso horto para entregarlle ás persoas participantes na presentación literaria de *Herbas da noite*. Recollida da plantación de primavera e acondicionamento para o verán. Degustación dos produtos do horto.

Todo o curso:

Exposición fotográfica das actividades realizadas, publicación nas redes sociais e artigos no blog.

3 UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

- Patio interior da escola (horto urbano)
- Biblioteca (club de lectura, presentación libros)
- Salón de actos (documentarios)
- Cafetaría (xornadas culturais, degustación produtos horto)
- Páxina web do centro, redes sociais e blog do EDLG (difusión actividades)

4 COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DA CONTORNA

Colaboraremos con:

- [S. Coop. Galega Rexenerando](#): roteiro por Ferrol
- [Duplex Cinema](#): proxección de filmes en galego xunto coa colaboración do departamento de galego
- [Asociación Veciñal de Canido](#): visita guiada ao seu horto urbano

- [CIFP Leixa](#): o alumnado e profesorado dos departamentos de Artes gráficas e Deseño deste centro colaboran habitualmente coa nosa escola no deseño e maquetación de material gráfico (revista escolar *Diálogo*, carteis, pósters, programas, etc.).
- [IES Canido](#): proxección de dous documentais elaborados polo alumnado do centro
- [Oficina de turismo do Concello de Nigrán](#): roteiro literario conxunto pola zona de Nigrán

5 PLAN DE AVALIACIÓN

Avaliación do proxecto

Avaliaremos o PLC a través de procedementos formais:

- Nas reunións do equipo de EDLG, nas que se revisan a consecución dos obxectivos.
- Cunha memoria final na que se fai unha avaliación xeral do proxecto.
- Cunha enquisa na que os participantes valoran o proxecto e tamén poden facer unha valoración do equipo.

E mediante procedementos informais:

- A través do número de participación nas actividades realizadas e do nivel de colaboración coas institucións da contorna.
- A través das visitas, comentarios e suxestións de toda a comunidade ao blog e nas redes sociais do EDLG.

Avaliación do equipo

- Por parte dos participantes nas actividades, cunha enquisa
- Por parte do propio equipo, nas preceptivas reunións, valorando o traballo realizado

6 NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para a optimización de uso das novas tecnoloxías existentes no centro, parte dos membros do equipo están a participar no PFPP do centro sobre o emprego das novas tecnoloxías.

7 MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO ENTRE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR


O equipo de dinamización, no mes de setembro, fará unha ampla difusión do proxecto no centro:

- Información no claustro de inicio de curso
- Reunións co profesorado involucrado no proxecto para planificar as actividades
- Información a toda a comunidade educativa mediante correos electrónicos
- Información nas redes sociais e no blog do EDLG
- Información nas aulas por parte do profesorado da escola

8 CONCLUSIÓN

Con este PLC a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol quere seguir dándolle un pulo ao uso do galego oral e escrito na nosa comunidade escolar. Farémolo afondando nunha dimensión comunicativa en relación a contextos vivos, actuais e da tradición cultural. Pretendemos desbotar prexuízos, para que o galego non sexa unha lingua de uso ritualizado na nosa escola, senón unha lingua viva.

Ferrol, 25 de xaneiro de 2023



Juana M^a Rodríguez Bugía

Coordinadora do EDLG

Kerry Ann Mc Kevitt

Directora da EOI de Ferrol